


Pautas para o deseño dun climograma

Elabore unha caixa con dous eixos verticais e un horizontal.


No eixe vertical esquerdo representade as temperaturas ($^{\circ}\text{C}$), no dereito as precipitacións (mm) e no horizontal, dividido en 12 partes iguais, os meses do ano.



Elaboración propia (proxecto cREAgal). Climograma ([CC BY-NC-SA](#))


Agora observe os datos ofrecidos e repara de no valor das temperaturas máximas e mínimas que teredes que representar. Logo facede o mesmo coas precipitacións para poder escoller as escalas axeitadas tendo sempre en conta que os valores na escala das precipitacións deben ser o dobre ca os das temperaturas (a unha temperatura de 10° corresponderanlle 20 mm de precipitacións).

Seguidamente representade na gráfica o valor mensual das precipitacións mediante barras.



Elaboración propia (proxecto cREAgal). Climograma ([CC BY-NC-SA](#))

Finalmente o das temperaturas. Poñede un punto co valor que corresponde no centro de cada mes . Posteriormente xuntádeos cunha liña.



Elaboración propia (proxecto cREAgal). Climograma ([CC BY-NC-SA](#))

Guion para o comentario dun climograma

INTRODUCCIÓN

- Comezamos o exercicio facendo referencia a que tipo de gráfico imos comentar.
- Seguidamente describimos algunhas das principais características do climograma.

ANÁLISE

- **Temperaturas**

- Sinalamos a temperatura máis elevada (valor e mes)
- Sinalamos a temperatura máis baixa (valor e mes)
- Calculamos a temperatura media (sumamos a temperatura media de cada mes e dividimos o total entre 12 -número total de meses-)
- Calculamos a amplitude térmica (valor da temperatura máis elevada menos o valor da temperatura máis baixa)

- **A evolución das temperaturas e o hemisferio de localización**

Vendo a evolución das temperaturas, tentaremos explicar en que hemisferio se localizará a gráfica. O verán é sempre a estación coas temperaturas máis altas. No hemisferio norte ten lugar de xullo a setembro, e no sur de xaneiro a marzo.

- **Precipitacións**

- Sinalamos a precipitación máis alta (mes e valor)
- Sinalamos a precipitación máis baixa (mes e valor)
- Calculamos o volume total das precipitacións rexistradas (suma dos valores dos doce meses).
- Indicamos se as precipitacións son regulares ou non, se hai estación seca ou non.

Que se considera un mes seco ou un mes húmido?

-Un mes seco é aquel no que as precipitacións mensuais son menores que a suma de dúas temperaturas.

-Un mes húmido é aquel no que as precipitacións mensuais son maiores que a suma de dúas temperaturas.

- Unha vez analizados todos os aspectos anteriores, clasificamos o clima representado no climograma e indicaremos as súas características básicas.
- Indicamos a localización do clima definido.
- Definimos brevemente as características básicas dos ríos deste contorno.
 - Facemos un sinxelo comentario sobre a vexetación asociada ao clima ao que nos estamos a referir.

